

*Ferrol a 19/06/2020.*

A la atención de:

- TRIBUNAL AVALIADOR SOCORRISTAS E ASPIRANTES.
- 

Asunto:

- Protocolo coordinadores de posto e coordinador de caseta.
- 

Informa:

- **Santiago Troitiño Guerrero – Coordinador Seguridade Concello Ferrol.**
- 

En base ao establecido no BOP nº 79 do 3 de xuño do 2020, en relación as bases de contratación de 45 socorristas no seu punto dedicado a fase de oposición, e en concreto a específica para o coordinador de praia e coordinadores de caseta, establececese o seguinte protocolo:

- 1) A proba será realizada o próximo **luns día 22 de xuño do 2020** entre as 10.00 horas e as 13.45 horas na sala de comisión do Concello de Ferrol sito na Praza de Armas s/n, 15402 Ferrol.
- 2) Establécense dous grupos de aspirantes que serán convocados a distinta hora, o luns día 22 de xuño, do seguinte modo en relación a primeira letra do primeiro apelido:
  - a. Dende a A (Alonso) ata a L (López) ambos inclusive.
  - b. Dende a L (loureiro) ata a V (Vázquez) ambos inclusive.
- 3) O grupo primeiro presentarase as **10.00 horas** na porta de entrada posterior do Concello na rúa María.

O segundo grupo presentarase as **11.30 horas** na porta de entrada posterior do Concello na rúa María.

Os aspirantes manterán a correspondente distancia de seguridade e virá ou recibirá unha máscara hixiénica para acceder a instalacións. Terá a documentación na man.

Deberán, así mesmo, os aspirantes aportar bolígrafo para a realización da proba.

- 4) A proba consistirá en un exercicio escrito consistente nun máximo de 15 preguntas cortas con espazo de contestación limitado sobre temas relacionados co servizo (SAPRAGA,

ordenanza municipal de praias, xestión do servizo, protocolos de seguridade sanitaria, etc.).

- 5) Os aspirantes disporán de 45 minutos para a realización da proba.
- 6) Cada aspirante recibirá xunto a proba unha folla coa asignación dun número ao azar que deberá ser o que escriban nas follas do exame. Dicha folla co número será cuberta cos datos persoais do aspirante e introducido nun sobre que será inmediatamente selado.
- 7) En base ao protocolo sanitario das instalacións do Concello de Ferrol non está entrar ningunha persoa agás os aspirantes, tribunal e, no seu caso, os asesores. Así mesmo, ningún aspirante poderá permanecer na instalación mais aló do tempo necesario para realizar a proba.
- 8) Ao finalizar a proba reunírase o tribunal para establecer a puntuación definitiva dos números de exame, posteriormente trasladarase dita nota ao aspirante que corresponda e será publicada a maior brevidade posible.

Atentamente.